

# Arbitraxe Campionatos Galegos 2025

A Federación Galega de Xadrez abre o prazo de solicitudes para actuar como árbitros principais e árbitros adxuntos nos **Campionatos Galegos 2025**.

## PRAZAS OFERTADAS

Un árbitro principal para cada unha das categorías:

CATEGORÍA	LUGAR	ENTRADA	SAÍDA	HONORARIOS
Sub-08	Hotel Scala (Padrón)	28 Febreiro / ás 18:00 h.	02 Marzo / pola tarde	Principal: 180 euros (*)
Sub-14	Hotel Scala (Padrón)	28 Febreiro / ás 18:00 h.	04 Marzo / pola tarde	Principal: 360 euros (*)
Sub-18	Hotel Scala (Padrón)	28 Febreiro / ás 18:00 h.	04 Marzo / pola tarde	Principal: 360 euros (*)
Sub-10	Hotel Scala (Padrón)	11 Abril / ás 18:00 h.	14 Abril / pola tarde	Principal: 310 euros (*)
Sub-12	Hotel Scala (Padrón)	11 Abril / ás 18:00 h.	14 Abril / pola tarde	Principal: 310 euros (*)
Sub-16	Hotel Scala (Padrón)	11 Abril / ás 18:00 h.	15 Abril / pola tarde	Principal: 360 euros (*)
Absoluto, Feminino e Veterán	Hotel Scala (Padrón)	16 Abril / ás 18:00 h.	20 Abril / pola tarde	Principal: 400 euros (*)

Un árbitro adxunto para as seguintes categorías:

CATEGORÍA	LUGAR	ENTRADA	SAÍDA	HONORARIOS
Sub-08	Hotel Scala (Padrón)	28 Febreiro / ás 18:00 h.	02 Marzo / pola tarde	Adxunto: 150 euros (*)
Sub-10	Hotel Scala (Padrón)	11 Abril / ás 18:00 h.	14 Abril / pola tarde	Adxunto: 191 euros (*)
Sub-12	Hotel Scala (Padrón)	11 Abril / ás 18:00 h.	14 Abril / pola tarde	Adxunto: 191 euros (*)
Absoluto, Feminino e Veterán	Hotel Scala (Padrón)	16 Abril / ás 18:00 h.	20 Abril / pola tarde	Adxunto: 320 euros (*)

NA CATEGORÍA ABSOLUTA HABERÁ ÁRBITRO ADXUNTO SEMPRE QUE SE SUPEREN OS 60 XOGADORES INSCRITOS EN TOTAL.

(\*).-Os honorarios estarán suxeitos á retención correspondente.

(\*).-Máis gastos de desprazamento xustificadas.



## Titulación requirida:

- Para árbitro principal e adxunto: Árbitro Autonómico de Base ou superior (\*)

(\*) Nas categorías ónde se presente o informe valedeiro para elo FIDE (Sub-10, Sub-12, Sub-14, Sub-16, Sub-18 e Absoluto, Feminino e Veterán) só poderán optar aqueles árbitros coa cualificación adecuada para tramitar dito informe (Arbitro Autonómico ou superior).

Tódalas prazas inclúen aloxamento e manutención nos hotéis oficiais, e poderán ser válidas para obtención de Norma de Árbitro Nacional e/ou inferiores.

O prazo de solicitude permanecerá aberto ata **o 03 de Febreiro de 2025 (incluído)**.

As solicitudes deberán facerse a través da Federación Galega de Xadrez por escrito ao email [fegaxa@fegaxa.org](mailto:fegaxa@fegaxa.org), a onde tamén se poderá dirixir para ampliar información. Se se solicita máis dunha categoría, ordenar por orden de preferencia.

Para poder arbitrar un Campionato Galego hai que ter abonada a licenza correspondente ([Circular FEGAXA01/2025](#)).

Parte das funcións que terán os árbitros seleccionados serán: axudar á organización na supervisión da montaxe da sala de xogo, supervisar taboleiros, axustar reloxos, confeccionar listaxes e que haxa todo o material necesario para que a sala de xogo estea en perfectas condicións antes do inicio da primeira rolda.

E as súas obrigas serán: presentarse á hora estipulada na convocatoria, ter actualizada a licenza Vega, a carga de datos de xogadores (tanto o árbitro principal coma o árbitro adxunto, se o houbera), comprobación do elo FIDE, realización do informe valedeiro para ELO FIDE (\*) e remitilo á FEGAXA no prazo que estipula a FEDA na súa circular en vigor.

(\*) Nos tomos valedeiros para ELO.

Vigo, 24 de Xaneiro de 2025.

